

c

4. Na primeira parte do anexo VII insírense os números de orde 26 e 27 como se indica no cadro seguinte:

a	b	c	d	e
26	Dimethicoldiehybenzal malonate (número CAS 207574-74-1).	10 por 100		
27	Titanium dioxide.	25 por 100		

Segundo.—Non poderán ser vendidos ou cedidos ó consumidor final a partir do 15 de abril de 2004 productos cosméticos que non se axusten ó establecido no punto primeiro desta orde.

Terceiro.—Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 5 de febreiro de 2003.

PASTOR JULIÁN

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

### DISPONGO: CAPÍTULO PRELIMINAR Obxecto

**3129** *REAL DECRETO 177/2003, do 14 de febreiro, polo que se regulan as organizacións de operadores do sector oleícola. («BOE» 40, do 15-2-2003.)*

O Regulamento (CE) número 1334/2002 da Comisión, do 23 de xullo de 2002, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) número 1638/98 do Consello, do 20 de xullo de 1998, que modifica o Regulamento número 136/66/CEE, polo que se establece a organización común de mercados no sector das materias graxas, no que respecta ós programas de actividades das organizacións de operadores do sector oleícola nas campañas de comercialización 2002/2003 e 2003/2004, concreta determinados aspectos no que se refire ós programas de actividades no marco da organización común de mercado no sector das materias graxas, que require do desenvolvemento polos estados membros e, en particular, no establecemento das condicións relativas á autorización das organizacións de operadores do sector oleícola, liñas de actividades subvencionables e normas para a concesión de anticipos.

Procede, así mesmo, dictar determinadas medidas en desenvolvemento da facultade de elección sobre os importes retidos da axuda á produción do aceite de oliva, que lles atribúe ós estados membros produtores o Regulamento (CE) número 1873/2002 do Consello, do 14 de outubro de 2002, que fixa os límites do financiamento comunitario dos programas de actividades das organizacións de operadores do sector oleícola prevista no Regulamento (CE) número 1638/98 e polo que se establece unha excepción ó Regulamento número 136/66/CEE.

A elaboración deste real decreto foi sometida a consulta das comunidades autónomas e entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, logo de aprobación do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de febreiro de 2003,

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto a regulación das organizacións de operadores do sector do aceite de oliva, no marco do disposto no Regulamento (CE) número 1334/2002 da Comisión, do 23 de xullo de 2002, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) número 1638/98, do Consello, no que se refire ós programas de actividades das organizacións de operadores do sector oleícola nas campañas de comercialización 2002/2003 e 2003/2004.

### CAPÍTULO I

#### Réxime de autorización de organizacións de operadores do sector oleícola

Artigo 2. *Requisitos e órganos competentes para a autorización.*

1. As organizacións de operadores do sector oleícola serán autorizadas sempre que se axusten ó establecido no artigo 2 do Regulamento (CE) número 1334/2002.

As organizacións de produtores que, para os efectos de obter a autorización, teñan de acreditar que posúen o número mínimo de produtores afiliados ou que estes representan, polo menos, o 2 por 100 dos produtores de olivas da zona correspondente a que se refire o punto 2.a) do artigo 2 do Regulamento (CE) número 1334/2002, deberán presentar unha relación dos citados produtores, quedando excluídos aqueles que se manteñan na organización de produtores unicamente para os efectos da xestión da axuda á produción a que se refire o artigo 5 do Regulamento número 136/66/CEE do Consello, do 22 de setembro de 1966, polo que se establece a organización común de mercados no sector das materias graxas.

No caso de entidades asociativas con sección de almazara, o 50 por 100 do volume de negocios a que se refire o punto 2.c) do artigo 2 do Regulamento (CE) número 1334/2002, entenderase referido ó da citada sección, sempre que esta dispoña de autonomía de xes-

ción, así como patrimonio separado e conta de explotación diferenciada respecto da entidade asociativa.

2. A autorización das organizacións de operadores do sector oleícola realizaraa:

a) Cando o seu ámbito xeográfico non supere o dunha comunidade autónoma, o órgano competente desta.

b) Cando o seu ámbito xeográfico supere o dunha comunidade autónoma, a Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

### Artigo 3. *Solicitudes de autorización.*

As organizacións de operadores do sector oleícola que desexen ser autorizadas para os efectos deste real decreto, deberánlle dirixir á autoridade competente, segundo o disposto no número 2 do artigo 2, a correspondente solicitude que conteña polo menos os datos que figuran no anexo I antes do día 1 de marzo de 2003.

### Artigo 4. *Resolución de autorización.*

De acordo co disposto no punto 2 do artigo 3 do Regulamento (CE) número 1334/2002, a autoridade competente a que se refire o punto 2 do artigo 2 deste real decreto dictará e notificará a resolución que proceda sobre a autorización dentro dos dous meses seguintes a aquel en que se presentase o expediente completo da solicitude, asignando, se é o caso, o correspondente número de autorización.

### Artigo 5. *Rexistro xeral de organizacións de operadores do sector oleícola.*

1. Créase no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, adscrito á Dirección Xeral de Agricultura, un Rexistro Xeral de Organizacións de Operadores do Sector Oleícola, de carácter informativo.

2. O Rexistro Xeral de Organizacións de Operadores do Sector Oleícola terá carácter público. No devandito rexistro farase constar para cada entidade recoñecida a denominación, domicilio social, ámbito territorial de actuación da organización e demais datos que sexan precisos para a completa identificación daquela.

Así mesmo, no rexistro deberán figurar, referidos a cada campaña e organización de operadores, os datos relativos ó número de produtores e á produción de aceite oliva ou olivas de mesa en quilogramos.

3. As comunidades autónomas comunicaranlle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, no prazo de quince días hábiles contados a partir de que se produzan as correspondentes autorizacións de organizacións de operadores do sector oleícola, os datos especificados no punto anterior, para os efectos da súa incorporación ó Rexistro xeral de organizacións de operadores do sector oleícola, así como as modificacións que se produzan.

## CAPÍTULO II

### Financiamento dos programas de actividades

#### Artigo 6. *Financiamento comunitario.*

1. De acordo co disposto no Regulamento (CE) número 1873/2002 do Consello, do 14 de outubro de 2002, que fixa para as campañas 2002/2003 e 2003/2004, os límites do financiamento comunitario dos programas de actividades das organizacións recoñecidas de axentes do sector oleícola prevista no Regulamento (CE) número 1638/98, reservaranse as segu-

tes porcentaxes da axuda á produción de aceite de oliva para os destinos que se especifican a continuación:

a) O 0,8 por 100 das axudas pagadas a través das organizacións de produtores e das súas unións, para contribuír ó financiamento dos gastos ocasionados polas súas actividades, ós que se refire o artigo 20 quinquies do Regulamento número 136/66/CEE.

b) O 1,1 por 100 para os programas de mellora da calidade da produción oleícola regulados polo Regulamento (CE) número 528/1999, da Comisión, do 10 de marzo de 1999.

c) O 0,3 por 100 para o financiamento dos programas de actividades das organizacións de operadores do sector oleícola regulados por este real decreto.

2. No caso de que o financiamento comunitario dos programas de actividades aprobados das organizacións de operadores do sector oleícola non cheguen a alcanzar a porcentaxe retida segundo a alínea c) do punto 1, os recursos non utilizados destinaranse a incrementar a axuda que se retén en aplicación da alínea b).

#### Artigo 7. *Aprobación dos programas de actividades e solicitude de financiamento.*

1. Cando o ámbito de aplicación dos programas de actividades das organizacións de operadores do sector oleícola, a que se refire o artigo 5 do Regulamento (CE) número 1334/2002, abrangan unha soa comunidade autónoma, esta será competente para a aprobación do programa con carácter provisional, a expensas de que exista financiamento comunitario suficiente. Cando o ámbito de aplicación do programa de actividades supere o dunha comunidade autónoma, será competente para a súa aprobación provisional a Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. As organizacións de operadores que desexen obter financiamento para os seus programas de actividades, incluído o financiamento nacional, se é o caso, antes do 31 de marzo de 2003, presentarán unha solicitude de financiamento para un só programa de actividades ante a autoridade competente para a súa aprobación provisional, e nela farán constar los datos establecidos no punto 2 do artigo 5 do Regulamento (CE) número 1334/2002.

3. A comunidade autónoma correspondente remitirá, coa antelación suficiente e como moito antes do 1 de maio de 2003, as solicitudes e copia da documentación achegada correspondente ós programas aprobados provisionalmente por ela á Dirección Xeral de Agricultura para que esta os eleve, xunto ós aprobados provisionalmente pola propia Dirección Xeral, á comisión para a análise e seguimento dos programas de actividades das organizacións de operadores do sector oleícola.

No suposto de que os programas aprobados provisionalmente polas comunidades autónomas e polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación non superen o financiamento previsto no artigo 6.1.c) deste real decreto, e respecten as porcentaxes mínimas previstas no punto 2 do artigo 5 bis do Regulamento (CE) número 1334/2002, a comisión para a análise e seguimento dos programas elevaraos á Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural para a súa aprobación definitiva.

No caso de que os programas aprobados provisionalmente superen o financiamento ó que se refire o parágrafo anterior, ou non alcancen as porcentaxes mínimas previstas no punto 2 do artigo 5 bis do Regulamento (CE) número 1334/2002, a comisión para a análise e seguimento dos programas realizará os reaxustes nece-

c

sarios e elevará as correspondentes propostas á Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural para a súa aprobación definitiva. Na elaboración das devanditas propostas serán prioritarios os programas que se axusten ós criterios do artigo 6.1.c) do Regulamento (CE) número 1334/2002.

**Artigo 8. Comisión para a análise e seguimento dos programas de actividades.**

1. Créase a Comisión para a análise e seguimento dos programas de actividades das organizacións de operadores do sector oleícola, adscrita ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a través da Dirección Xeral de Agricultura, como órgano colexiado ó que corresponde elabora-las propostas relativas á aprobación definitiva dos devanditos programas de actividades, así como realiza-lo seu seguimento. Así mesmo, a Comisión de análise e seguimento dos programas elaborará os informes anuais sobre a execución dos programas para eleválos á Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural.

2. A Comisión para a análise e seguimento dos programas de actividades estará presidida polo director xeral de Agricultura e formarán parte desta os seguintes vocais:

- a) O subdirector xeral de Materias Graxas e Cultivos Industriais da Dirección Xeral de Agricultura, que substituirá o presidente nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade.
- b) Un representante da Dirección Xeral de Agricultura.
- c) Un representante da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.
- d) Un representante da Dirección Xeral de Alimentación.
- e) Un representante do Fondo Español de Garantía Agraria.
- f) O director da Axencia para o Aceite de Oliva.
- g) Un representante de cada unha das comunidades autónomas produtoras de aceite de oliva e oliva de mesa que decidan integrarse na comisión.

Os representantes a que se refiren as alíneas b), c), d) e e) serán designados polos titulares dos respectivos centros directivos de entre os seus funcionarios con rango de subdirector xeral ou asimilado.

3. Actuará de secretario un funcionario da Dirección Xeral de Agricultura, con voz pero sen voto.

4. Poderán participar na comisión, con voz pero sen voto, os seguintes representantes:

- a) Un representante de cada unha das organizacións profesionais agrarias.
- b) Un representante das cooperativas agrarias.
- c) Un representante das almazaras.
- d) Un representante dos envasadores de aceite de oliva.
- e) Un representante dos exportadores de aceite de oliva.
- f) Un representante dos industriais e exportadores de olivas de mesa.

5. A Comisión para a análise e seguimento dos programas de actividades das organizacións de operadores do sector oleícola elevará unha proposta á Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural, para que esta, antes do 31 de maio do 2003, aprobe definitivamente os programas de actividades e determine o correspondente financiamento dos fondos, tanto comunitarios como nacionais.

**Artigo 9. Modificación dos programas.**

1. As organizacións de operadores do sector oleícola que desexen modificar un programa de actividades aprobado definitivamente, sempre e cando iso non dea lugar a un aumento de financiamento para algún dos ámbitos de actividade ós que se refire o artigo 4 do Regulamento (CE) número 1334/2002, deberán presenta-la súa solicitude ante o órgano que o aprobou provisionalmente, o cal o remitirá á Comisión para a análise e seguimento dos programas de actividades, xunto coa aprobación provisional da devandita modificación, nun prazo máximo de vinte días a partir da súa presentación.

2. No prazo máximo de dous meses dende a solicitude, a Comisión para a análise e seguimento dos programas de actividades valorará a modificacións aprobadas provisionalmente, e elevaraaas á Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural para a súa aprobación definitiva.

**Artigo 10. Anticipos e aboamento do financiamento.**

1. As organizacións de operadores do sector oleícola que desexen percibi-lo anticipo previsto no artigo 8 do Regulamento (CE) número 1334/2002, deberán presentar, xunto coa solicitude de financiamento previsto no artigo 7 deste real decreto, unha solicitude que conteña como mínimo os datos do anexo II, ante o órgano competente para a aprobación provisional dos programas de actividades, acompañada da proba de constituír garantía por un valor igual ó 110 por 100 do importe indicado, que estará á disposición do organismo pagador correspondente.

2. Entre o 1 de xaneiro e o 31 de maio de 2004, as organizacións de operadores poderanlle presentar ó órgano competente para a aprobación provisional dos programas de actividades, unha solicitude de reintegro da garantía. O reintegro será como máximo do 50 por 100 dos gastos realmente sufragados do programa de actividades, e reintegraranse as garantías correspondentes ós gastos indicados, como moito durante o segundo mes seguinte a aquel no que se presentase a solicitude.

3. Antes do 31 de xaneiro de 2005 as organizacións de operadores do sector oleícola presentarán, ante o órgano competente para a aprobación provisional dos programas de actividades, unha solicitude que conteña como mínimo os datos do anexo III, para o cobramento do correspondente financiamento comunitario e nacional. A devandita solicitude deberá ir acompañada da documentación establecida no punto 2 do artigo 9 do Regulamento (CE) número 1334/2002.

4. Non obstante o disposto nos puntos 1, 2 e 3, a competencia para dicta-los actos administrativos relativos a programas de actividades de ámbito superior a unha comunidade autónoma que as organizacións de operadores do sector oleícola teñan aprobados definitivamente corresponderalle ó centro directivo competente conforme o establecido no Real decreto 1282/2000, do 30 de xuño, polo que se modifica e desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, todo iso sen prexuízo das competencias que lle corresponden ó Fondo Español de Garantía Agraria como organismo pagador.

**Artigo 11. Elaboración dos informes que se van transmitir á Comisión Europea.**

As comunidades autónomas remitiranlle á Dirección Xeral de Agricultura, con antelación mínima de quince días ás datas límite sinaladas no artigo 11.1. bis e 11.2 do Regulamento (CE) número 1334/2002, os informes, documentos e programas que deban presentarse á Comisión Europea en cumprimento do especificado no devandito artigo.



**Artigo 12. Plans de control.**

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación elaborará un Plan Nacional de Controis, tendo en conta os plans elaborados polas comunidades autónomas, de acordo coas solicitudes de financiamento dos programas de actividades que sexan obxecto de aprobación. En todo caso, incluírase a listaxe daquelas organizacións de produtores recoñecidas para os efectos deste real decreto que mediante unha mostra aleatoria estableza o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para o seu control polos órganos competentes.

**Artigo 13. Infraccións e sancións.**

As infraccións contra o disposto neste real decreto sancionaranse de conformidade co previsto no texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro, e demais normas que resulten de aplicación.

En todo caso, as multas que deban impoñerse ascenderán ó dobre do importe do financiamento comunitario respecto do cal se cometese a infracción, de conformidade co establecido no artigo 10.2 do Regulamento (CE) número 1334/2002.

**Disposición adicional primeira. Medios persoais e materiais.**

O funcionamento da Comisión para a análise e seguimento dos programas a que se refire o artigo 8 deste real decreto atenderase cos medios persoais e materiais do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. Así mesmo, atenderanse con cargo ós citados medios a constitución e funcionamento do rexistro regulado no artigo 5.

**Disposición adicional segunda. Utilización dos fondos retidos para o programa de mellora da calidade da produción oleícola.**

Non obstante o previsto no artigo 6.1.b), e tendo en conta que os fondos retidos para os programas de

mellora da calidade da produción oleícola nunha campaña determinada se aplican na segunda campaña seguinte, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación decidirá, logo de consulta coas comunidades autónomas e o sector, a aplicación definitiva dos devanditos fondos a partir da campaña 2004/2005 á vista do novo marco comunitario que, se é o caso, sexa aplicable ó sector oleícola.

**Disposición derradeira primeira. Facultade de desenvolvemento e aplicación.**

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para dictar, no ámbito das súas competencias, as medidas precisas en desenvolvemento e cumprimento deste real decreto, así como para a necesaria adecuación á normativa comunitaria. En particular, facúltase para establece-lo réxime de pagamento con cargo ós orzamentos xerais do Estado das axudas a que se refire este real decreto, sen prexuízo das atribucións que confire ó ministro de Facenda o artigo 74.1 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado por Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

**Disposición derradeira segunda. Título competencial.**

Este real decreto dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

**Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.**

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 14 de febreiro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca  
e Alimentación,  
MIGUEL ARIAS CAÑETE

Espacios para selos de rexistro

**ANEXO I****MODELO DE SOLICITUDE DE RECOÑECEMENTO COMO ORGANIZACIÓN DE OPERADORES****(REAL DECRETO 177/2003)<sup>1</sup>****I. DATOS PERSONAIS E DOMICILIO DO SOLICITANTE**

Nome e apelidos	NIF	Cargo desempeñado na entidade que representa		
Domicilio				
Rúa/praza e número	Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono e fax

**II. ENTIDADE Á QUE REPRESENTA O SOLICITANTE**

Nome		CIF		
Domicilio				
Rúa/praza e número	Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono

**III. DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE ACHEGAR<sup>2</sup>**

<input type="checkbox"/> a) Certificado de inscrición da entidade. <input type="checkbox"/> b) Certificación da acta da Asemblea Xeral. <input type="checkbox"/> c) Previsión detallada dos gastos de constitución e funcionamento administrativo. <input type="checkbox"/> d) Relación adxunta de produtores, acompañando soporte informático. <input type="checkbox"/> e) Compromisio de se someter ós controis precisos. <input type="checkbox"/>
---

**IV. DOMICILIO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN.<sup>3</sup>**

1) .....

2) .....

<sup>1</sup> Cubrir en español, a máquina ou con bolígrafo negro e letra de imprenta.<sup>2</sup> Cruzar con aspa o recadro que corresponda.<sup>3</sup> Consigna-lo medio ou medios preferentes polos que desexa que se lle practique a notificación. Deberá consignarse, alomenos, un lugar para realiza-la notificación.

**V. SOLICITUDE**

O que asina embaixo solicita que sexa recoñecida esta entidade como Organización de Operadores para os efectos de incrición no Rexistro de Organización de Operadores e concesión dos posibles beneficios que o dito recoñecemento trae consigo, e declara que son certos os datos consignados nesta.

En \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2003  
(sinatura)

**ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE \_\_\_\_\_**

c

**RELACIÓN DE PRODUCTORES DO PUNTO d) DO ANEXO I**

DNI/NIF	Nome e apelidos	Media da produción (kg) Camp 1999/2000, 2000/2001 e 2001/2002
<b>TOTAL</b>		

Espacios para selos de rexistro
---------------------------------

## ANEXO II

### MODELO DE SOLICITUDE DO ANTICIPO DA AXUDA

(REAL DECRETO 177/2003)<sup>1</sup>

#### I. DATOS PERSOAIS E DOMICILIO DO SOLICITANTE

Nome e apelidos	NIF	Cargo desempeñado na entidade que representa		
Domicilio				
Rúa/praza e número	Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono e fax

#### II. ENTIDADE Á QUE REPRESENTA O SOLICITANTE

Nome	CIF			
Domicilio				
Rúa/praza e número	Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono

#### III. DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE ACHEGAR<sup>2</sup>

<input type="checkbox"/> a) Acreditación da execución das medidas do programa de actividades. <input type="checkbox"/> b) Depósito dunha garantía por un importe igual ó 110% do anticipo solicitado. <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>
--

#### IV. DOMICILIO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN.<sup>3</sup>

1) .....

2) .....

<sup>1</sup> Cubrir en español, a máquina ou con bolígrafo negro e letra de imprenta.

<sup>2</sup> Cruzar con aspa o recadro que corresponda.

<sup>3</sup> Consigna-lo medio ou medios preferentes polos que desexa que se lle practique a notificación. Deberá consignarse, alomenos, un lugar para realiza-la notificación.



c

**V. SOLICITUDE**

O que asina embaixo solicita como anticipo de axuda comunitaria para o programa de actividades da Organización de Operadores núm. .... pola cantidade de ..... euros (..... en letra) e declara que son certos os datos consignados nesta.

En \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2003  
(sinatura)

**ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE** \_\_\_\_\_

Espacios para selos de rexistro

## ANEXO III

## MODELO DE SOLICITUDE DO PAGAMENTO DA AXUDA

(REAL DECRETO 177/2003)<sup>1</sup>

## I. DATOS PERSOAIS E DOMICILIO DO SOLICITANTE

Nome e apelidos	NIF	Cargo desempeñado na entidade que representa		
Domicilio				
Rúa/praza e número	Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono e fax

## II. ENTIDADE Á QUE REPRESENTA O SOLICITANTE

Nome		CIF		
Domicilio				
Rúa/praza e número	Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono

III. DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE ACHEGAR<sup>2</sup>

<input type="checkbox"/> a) Os gastos realizados. <input type="checkbox"/> b) Xustificantes do pagamento efectivo das contribucións financeiras dos axentes e das administracións públicas. <input type="checkbox"/> c) Descrición das realizacións do programa, desagregadas segundo os ámbitos de actividade. <input type="checkbox"/> d) Xustificación e repercusións financeiras das diferencias entre as previsións e as realizacións. <input type="checkbox"/> e) Avaliación dos resultados baseada nos indicadores cuantitativos e cualitativos de eficacia que permitirán a avaliación do programa <i>a posteriori</i> . <input type="checkbox"/>
--

IV. DOMICILIO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN.<sup>3</sup>

- 1) .....
- 2) .....

<sup>1</sup> Cubrir en español, a máquina ou con bolígrafo negro e letra de imprenta.

<sup>2</sup> Cruzar con aspa o recadro que corresponda.

<sup>3</sup> Consigna-lo medio ou medios preferentes polos que desexa que se lle practique a notificación. Deberá consignarse, alomenos, un lugar para realiza-la notificación.

**V. SOLICITUDE**

O que asina embaixo solicita a axuda comunitaria para o programa de actividades da Organización de Operadores núm. .... pola cantidade de ..... euros (..... en letra) e declara que son certos os datos consignados nela.

En \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2003  
(sinatura)

**ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE** \_\_\_\_\_